

## PR-G 150 SENDEIRO DO POZO DO DEMO

O sendeiro do **Pozo do Demo** ten una lonxitude de 11,3 km. Parte do itinerario transcorre polo municipio de Verín, así coma tamén polo municipio de Vilardevós. Un percorrido caracterizado pola fermosura dunha paisaxe altamente agreste, dominada polas formas caprichosas que configuran os bolos graníticos existentes que atoparemos durante todo o traxecto.

A ruta ten o seu comezo na estrada de Cabreiroá, en Verín. A partir de aquí, percorrерemos a rúa Canella Cega até chegarmos ao Camiño Infistela, onde un pequeno tramo de asfalto nos achegará a una pista de terra pola que avanzaremos até atoparmos á ponte baixo a autoestrada. Aquí acharemos un completo panel informativo que detalla as opcións e perfís das diferentes variantes da ruta. Dende

aquí existen varias alternativas; unha opción é coller o camiño da dereita, que nos fará ascender por unha pista forestal. Antes de chegarmos ao alto, atoparemos un desvío que nos permitirá continuar por esta ruta ou escoller entre as variantes 150.1 e 150.2, que tamén nos conducirán á **Garganta do Pozo do Demo** a través do **Camiño do Mal Paso**. De seguirmos pola ruta principal chegaremos á vila de A Veiga das Meás, onde atoparemos, antes da entrada, un cruzamento que nos levará a un camiño para, máis adiante, atravesarmos o **Río Quintas**.


Antes de comezarmos o descenso até o punto final do tramo circular, atoparemos a desviación da variante 150.3, que nos achegará á zona arqueolóxica do **Castro das Quintas**, pasando polo **Refuxio** e levándonos até a garganta do Pozo do Demo, onde poderemos observar as fervezas que forma o río Quintas e gozar das fermosas vistas no **Miradoiro do Castro das Quintas**.

Esta ruta foi homologada no ano 2014. O camiño está perfectamente sinalizado en todas as variantes, só temos que seguir as indicacións do mesmo e gozar das espectaculares vistas panorámicas durante todo o percorrido; paisaxes de grande beleza e interesantes exemplos de arquitectura etnográfica, mostran que nosas raíces foron deixando, construcións que axudan a interpretar a cultura desta terra.

## CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

<b>Roteiro:</b>	PR-G 150 Sendeiro do Pozo do Demo	
<b>Inicio:</b>	Camiño Infistela	
<b>Lonxitude:</b>	Sendeiro PR-G 150:	11,3 km
	Variante PR-G 150.1:	1,2 km
	Variante PR-G 150.2:	1,2 km
	Variante PR-G 150.3:	0,6 km
	Derivación:	229 m
<b>Duración estimada:</b>	3 horas 30 minutos	
<b>Tipo de percorrido:</b>	Circular con tramo común de ida e volta	
<b>Dificultade:</b>	Media	
<b>Emerxencias:</b>	112	
<b>Garda Civil:</b>	988 410 005	
<b>Concello de Verín:</b>	988 410 000	
<b>Oficina de Turismo:</b>	988 411 614	
<b>Servizo de Taxis:</b>	988 411 113	

## MARCAS E SINAIS QUE TE GUIARÁN DURANTE O PERCORRIDO



<b>MIDE</b>	<b>PR-G 150 Sendeiro do Pozo do Demo</b>	
	<b>Concello de Verín</b>	
<b>Horario:</b>	3 h 36 min	<b>1</b> Severidade do medio natural
<b>Desnivel de subida:</b>	377 m	<b>1</b> Orientación no itinerario
<b>Desnivel de baixada:</b>	370 m	<b>2</b> Dificultade no desprazamento
<b>Distancia horizontal:</b>	11,3	<b>3</b> Cantidad de esforzo necesario
<b>Tipo de percorrido:</b>	Circular	<b>PR-G 150 Distancia roteiro principal: 11,3 km</b>

**Lembra:**

- Iniciar a actividade a unha hora prudente
- Levar calzado apropiado
- Levar teléfono móbil
- Protexerte do sol
- Levar auga



## PR-G 150 SENDEIRO DO POZO DO DEMO CONCELLO DE VERÍN

Ruta homologada no ano 2014



[www.visitchavesverin.com](http://www.visitchavesverin.com)



CONCELLO DE VERÍN

PR-G  
150

GALICIA

## Sendeiro do Pozo do Demo



Sendeiro sinalizado



1 mapa do percorrido  
escala: 1:20.000

GAL





## CÓMO CHEGAR

Dende Verín, dirección rúa Canella Cega até chegar á rotonda, onde nos desviaremos na segunda saída, Camiño Infistela. O comezo do sendeiro atópase a 300 m, aproximadamente.

## PUNTOS DO PERCORRIDO

Camiño Infistela (Verín), Balneario de Cabreiroá, Inicio do anel principal, Círculo de motocross de O Caldeirón, Enlace variantes PR-G 150.1 e PR-G 150.2, Camiño do Mal Paso, A Veiga das Meás, Rego das Quintas, Enlace variante PR-G 150.2, Camiño do Mal Paso, Castro das Quintas, Variante PR-G 150.3, Garganta do Pozo do Demo, Enlace Variante PR-G 150.1, Peche do anel principal, Balneario de Cabreiroá, Camiño Infistela.

## LUGARES DE INTERESE

**Camiño dos Carros e Camiño do Mal Paso:** camiños tradicionais onde se poden apreciar as rodeiras que deixaban os carros ao seu paso, incrustadas na pedra. Empregados dende a Idade Media até a segunda metade do século XX.

**Muiños típicos da zona,** empregados antigamente para moer fariña. Pódese observar unha mostra etnográfica no río Quintás.

**Refuxio do Castro das Quintas:** abrigo rupestre antropizado da época galaico-romana.

**Garganta do Pozo do Demo:** por onde discorre o río Quintas formando diversos saltos e fervezas de grande beleza.

**Castro das Quintas:** asentamento fortificado da Idade de Ferro. Está situado entre dous outeiros e posúe un gran control visual sobre boa parte do val do Támega. Pódense apreciar numerosas marcas de asento de estruturas e abondosos materiais cerámicos en superficie.

**Miradoiros e vistas panorámicas:** ao longo do camiño atopamos dous lugares onde poder gozar das maravillosas vistas de Verín. Son o Miradoiro do Castro das Quintas e o Miradoiro do Camiño dos Carros.

